



DECRETO DE ALCALDÍA CONVOCATORIA PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar a sesión do Pleno do Concello que se indica en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 26 de decembro do 2019
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta núm. 16/2019 da sesión do 28.12.2019.
- 2º.- Recoñecemento de compatibilidade dunha membro da Corporación.
- 3º.- Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de abastecemento de auga.
- 4º.- Ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de tratamento e depuración de augas residuais.
- 5º.- Revisión ICIO licenza expediente 106/19, PROYCOGA SA.
- 6º.- Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal do IBI. Establecemento da bonificación prevista no artigo 74.2 do TRLFL.
- 7º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Resolucións da alcaldía ditadas dende o 25 de novembro (núm. 2279) ata o 19 de decembro de 2019 (núm. 2493).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos Srs. Concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos Concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, no seu caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, M^a del Carmen Seoane Bouzas, o 20 de decembro de 2019.